



POLICÍA LOCAL
Santiago de Compostela

CELEBRACIÓN DA I MARCHA CICLISTA ESCOLAR

1. INTRODUCCIÓN

Dende o Concello de Santiago de Compostela, a través do equipo de Educación Viaria da Policía Local, temos previsto celebrar a I MARCHA CICLISTA ESCOLAR, que terá lugar o venres 18 de maio, se as condicións atmosféricas o permiten.

Esta proposta realízase co fin de poñer en práctica as estratexias seguras e responsables vistas no parque infantil de educación viaria e tamén para promover o uso da bicicleta, no ámbito escolar e familiar como un medio de transporte sostible.

A actividade levarase a cabo coa participación do último ciclo de primaria, concretamente cos escolares de 5º e 6º, con idades comprendidas entre os 10 e 12 anos.

2. OBXECTIVOS

Os principais obxectivos que se pretenden levar a cabo durante esta marcha son:

- Aprender a circular en bicicleta aplicando os principios e normas da seguridade viaria.
- Posibilitar que os nenos e nenas poidan iniciarse neste deporte de forma responsable, segura e divertida.
- Utilizar máis a bicicleta como medio de desprazamento sostible para respectar o medio ambiente.
- Fomentar a práctica do exercicio físico
- Convivencia con nenos e nenas doutros centros escolares.
- Posibilitar o disfrute da actividade física a través da bicicleta.



POLICÍA LOCAL
Santiago de Compostela

3. PERCORRIDO PRIMEIRA MARCHA CICLISTA ESCOLAR

Confeccionada tendo en conta a localización dos colexios participantes.

SAÍDA: 10,15h en Avda. Xoan XXIII (diante colexio López Ferreiro).

PERCORRIDO: Burgo das Nacións, Ricardo Carvalho Calero, Pelamios, Morón, Galeras, Salvador Allende, Entregaleras, Campo das Hortas, Poza de Bar, San Lourenzo, Xosé María Suárez Núñez, Lope Gómez de Marzoa, Ángel Jorge Echeverri, Avenida de Vigo, Feáns, Avenida da Coruña, Rosalía de Castro, Xoan Carlos I, Campo da Estrela, Porta Faxeira, Campo de San Clemente, Rúa San Clemente, Trindade, Carretas, Costa de San Francisco, San Francisco, Praza do Obradoiro (parada técnica). A partires de aquí realizaríase o mesmo percorrido de volta aos coles por San Francisco e Xoan XXIII para deixar aos escolares en cada un los colexios participantes, finalizando no colexio Pío XII.

PARADA TÉCNICA: Praza do Obradorio para repoñer enerxía e realizar alguna actividade.

FIN: Poza de Bar- Colexio Pío XII. (Sobre das 13,30h)

NÚMERO DE PARTICIPANTES

- Escolares: 220
- Profesores: 10
- Colaboradores: 10

IMPRESINDIBLE O USO DO CASCO E CHALECO.

MÍNIMO: 2 PROFESORES PARTICIPANTES POR CENTRO



POLICÍA LOCAL
Santiago de Compostela

4. PROGRAMA

HORARIOS DE RECOLLIDA DOS ALUMNOS DOS CENTROS ESCOLARES PARA INCORPORACIÓN A MARCHA.

- 1º.- CEIP LÓPEZ FERREIRO: 10.00h. Saída da marcha ás 10.15h
- 2º.- CEIP VITE: Sobre ás 10.25 horas.
- 3º.- CEIP RAÍÑA FABIOLA: Arredor das 10:45 horas.
- 4º.- CEIP PÍO XII: Aproximadamente ás 11.00 horas.

5. TRANSCURSO DA MARCHA

Durante o transcurso da mesma, seguiranse as normas de circulación e sobre todo as instrucións dos organizadores, para que todo saia segundo o previsto. Tendo en conta que é un número elevado de participantes solicítase tomar tódalas medidas de seguridade posibles e nunca invadir o carril contrario de circulación.

Coordina a actividade a Policía Local e contamos coa colaboración da agrupación de Protección Civil do Concello de Santiago, o departamento de bicicletas de Decathlon e a Cruz Vermella.